



O teu Concello informate

A recollida do lixo, un dos servizos que temos en Paderne, está a ser unha importante carga para o Concello que ve como se vai encarecendo o seu custo.

Cos cambios que se foron producindo no estilo de vida, cada familia está a producir unha maior cantidade de residuos; así, envases, papel, bolsas, botellas, restos de comida..., forman parte do que diariamente tiramos nos contedores.

Co fin de reducir o impacto que estes teñen no medio ambiente e de evitar o incremento da taxa de recollida, realizamos unha selección en orixe levando así cada desperdicio ó contedor que lle corresponde.

Despois de tódalas campañas que ano tras ano se veñen realizando, estamos a ver que aínda separamos mal, ou non separamos.

Proporcionar este servizo ten un custo moi elevado, si ademais non poñemos interese ou somos insolidarios, o seu incremento vai a ser maior.

Así que, recordade as normas básicas:

- Cada tipo de desperdicio no contedor que lle corresponde
- Non deposites escombros de obras, uralitas ou electrodomésticos
- As vísceras de matanzas caseiras ou animais mortos non poder ir para o lixo
- Maleza, céspede de xardín ou restos de podas tampouco se poden tirar

Outro dos problemas que estamos a ter son os plásticos dos invernadoiros e dos silos, por



iso a partires do 15 de outubro, os que teñades este tipo de material, debeses chamar ás oficinas municipais e darásevos unha cita para depositalos. Para facer efectivo este servizo os plásticos han de atoparse limpos, dobrados e sen ningún outro material polo medio.

A todos nos gusta ver o entorno coidado e limpo; polo tanto, cada cidadán debe facerse responsable das súas propiedades, leiras, montes ou casas abandonadas. Si a propiedade ten dono, este é o responsable dos trastornos que ocasione ós seus veciños cando invade a maleza ou acumula moita porquería e xera cheiros.

Se cumprimos con estas obrigas básicas estaremos facendo moito pola boa convivencia de todos nós, ademais de coidar o medio ambiente do noso **Paraíso entre ríos**.

O voso Alcalde

Remate de balneoterapia

O pasado 22 de agosto rematou outra tempada de balneoterapia que, desde outubro de 2013 e durante oito meses, facilitou que unhas trinta persoas por mes acudisen ó balneario de Guitiriz a recibir tratamentos termais.

O Alcalde despediu ó grupo coa promesa de seguir traballando por facilitarlles este importante servizo para as persoas maiores.

O grupo que acudiu a balneoterapia este último mes xunto co Alcalde



Aulas de conciliación, verán 2014

Durante os meses de xullo e agosto, desenvolvéronse as Aulas de Conciliación como unha axuda máis para as familias con menores de 3 a 12 anos nas que os proxenitores estivesen traballando.

As familias tiñan a posibilidade de deixar ós seus fillos durante toda a xornada de mañá con outros nenos e nenas do Concello realizando actividades lúdicas e educativas en consonancia coas súas idades, a igualdade de xénero e o respecto polo medio ambiente.

Algunhas das familias que se beneficiaron do programa o día da clausura



Excursión a Fátima, Lisboa e Aveiro

Un grupo de 114 persoas, acompañados polo Alcalde, acudiron os días 19, 20 e 21 de setembro a unha excursión a Fátima, Lisboa e Aveiro visitando tamén as cidades de Cascais e Estoril, con parada obrigada no famoso casino.

A primeira saída foi á aldea do Aljustrel, a visitar as casas de Jacinta, Francisco e Lucía, así como o museo da Vida de Cristo. Despois o Santuario de Fátima, centrou o interese do día. Na mañá do día 20 unha guía oficial comezou o percorrido no Mosteiro dos Jerónimos, xa na capital lusa, continuando toda a mañá con explicacións precisas sobre o que se estaba a ver. Cascais e Estoril foron os destinos da xornada de tarde. O último día visitouse Aveiro, a Venecia portuguesa, paseando, a meirande parte das persoas, nos famosos Moliceiros, que recordan ás góndolas venecianas.

O Alcalde recolleu a petición dos veciños que desexan repetir esta experiencia en próximas datas.



Todo o grupo, xunto co Alcalde, na cidade de Lisboa

Actividades de adultos. Curso 2014-2015

PADERNE

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
Cestería 16:00-18:00	Bisutería 18:00-20:00	Informática perfeccionamento 20:00-21:00	Taller de memoria 17:00-18:30	Manualidades 17:00-19:00
Inglés 20:00-21:00	Ximnasia de mantemento 19:15-20:00		Ximnasia de mantemento 19:15-20:00	Pilates 20:15-21:15
Costura 20:30-22:30	Inglés 19:30-20:30		Inglés 20:00-21:00	Informática Inic. 19:30-20:30 20:30-21:30

SOUTO

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
Ximnasia de mantemento 20:15-21:00	Costura 20:30-22:30	Ximnasia de mantemento 20:15-21:00	Cestería Tapicería 19:30-21:30	Manualidades Restauración 19:30-21:30

VIÑAS

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
Ximnasia de mantemento 19:15-20:00	Memoria 17:00-18:30	Ximnasia de mantemento 19:15-20:00	Cestería 17:00-19:00	Pilates 19:00-20:00

QUINTAS

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
Ximnasia de mantemento 21:15-22:00	Baile 20:30-22:00	Ximnasia de mantemento 21:15-22:00	Cociña	Danza do ventre 21:00-22:00

VELOUZÁS

LUNS	MÉRCORES	XOVES
Ximnasia de mantemento 18:15-19:00	Ximnasia de mantemento 18:15-19:00	Bisutería 18:00-20:00

VIGO

LUNS	MÉRCORES	VENRES
Manualidades/ Restauración 17:00-19:00	Costura 20:30-22:30	Cestería/ Tapicería 16:00-18:00

O Alcalde realizará a presentación das actividades o luns día 13 de outubro ás 20:30 h. no Salón de Sesións da Casa do Concello

¡¡¡ TES ATA O 10 DE OUTUBRO PARA REALIZAR A TÚA INSCRIPCIÓN !!!

ADRAGONTE

LUNS	MARTES
Bisutería 19:30-21:30	Manualidades 20:00-22:00

VILAMOUREL

MARTES	XOVES	VENRES
Ximnasia de mantemento 20:15-21:00	Pintura e manualidades 17:30-19:30	Cestería 18:30-20:30
Baile 22:15-23:45	Ximnasia de mantemento 20:15-21:00	

E SI QUERES SABER EN QUÉ CONSISTEN E O QUE VAS A FACER NAS NOVAS ACTIVIDADES, DE SEGUIDO TES UNHA BREVE EXPLICACIÓN

COSTURA. Poderás aprender nocións básicas de corte e confección, costura creativa coa que confeccionarás cousas de utilidade para a túa casa como colchas, manteis, tapices ou cadros utilizando a técnica do patchwork ou tamén realizar prendas con calceta si eso é o que che gusta ou cosendo a máquina.

DANZA DO VIENTRE. Ademais de pasalo ben, xa que é unha actividade coa que vas a rir e relaxarte, esta actividade é apropiada para case tódalas idades así como para persoas de diferente constitución. Os seus movementos aportan tono muscular e fortalecen a zona pélvica co conseginte beneficio para tódalas mulleres, co cal obterás beneficio tanto físico como mental.

BISUTERÍA. Aquí vamos a deixar voar a imaxinación para realizar multitude de complementos como pendentes, colares, aneis, pulseiras, broches ou incluso elementos decorativos para a casa. Os materiais a utilizar serían abalorios, cristais de swarovski, delicas ou trapillo, entre outros.

RESTAURACIÓN. De calquera obxecto, tanto metal como cerámica, madeira ou pasta. No proceso de restauración pode manterse o aspecto inicial ou cambiar por completo a peza a tratar.

TAPICERÍA. Cambiando as teas dos mobeis que teñamos moi gastados, obtendo así unha nova peza.

COCIÑA. Presentación de pratos, técnicas de conservación dos alimentos, maridaxes e mezclas,..., receitas que nos poden axudar a impresionar ós nosos invitados.

Actividades extraescolares. Curso 2014-2015

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
Fútbol Sala 17:00-19:00	Psicomotricidade 17:00-18:00	Fútbol Sala 17:00-19:00	Bádminton 17:00-18:00	Informática 17:30-18:30 18:30-19:30
Inglés Primaria 16:30-17:30 e de 17:30-18:30	Inglés Infantil 16:00-17:00	Inglés Primaria 17:00-18:00	Inglés ESO 18:30-19:30	
Inglés ESO 18:30-19:30				

Estas actividades darán comezo a semana do 13 de outubro; para participar nelas hai que realizar a correspondente inscrición asinada polos pais/nais ou titores legais

Eficiencia enerxética - INEGA

Veñen de realizarse melloras no alumado público nos lugares de **Porto e Areas** por un importe de **9.759,64 €**. consistentes en substitución de lámpadas e instalación de equipos electrónicos e reloxos astronómicos; estas melloras supoñen unha considerable medida de aforro na factura do alumado público así como unha importante contribución ó medio ambiente.

Esta axuda, obtida a través dunha subvención do Instituto Enerxético de Galicia, INEGA, foi conseguida grazas ó acordo asinado polo Alcalde o pasado mes de febreiro polo que se estableceu unha agrupación de concellos, a efectos de solicitude de subvención, entre os concellos de Cabanas, Mugardos, Ares, Fene, Neda, A Capela, Pontedeume, Miño e Paderne, todos eles limítrofes, co fin de colaborar na xestión compartida do "Proxecto de eficiencia enerxética no alumado público".

Subvención nominativa da Deputación de A Coruña

Froito do acordo asinado entre o Alcalde e o Presidente da Deputación no pasado mes de xuño, o Concello obtivo unha achega de **105.000 €** para o amaño das seguintes vías:

Na parroquia de Velouzás: Camiño das Ánimas, Núcleo de Condós, Núcleo do Tercio, Camiño de Souto de Balde-Tercio, Camiño de Chedas, Camiño das Medorras, Camiño do Vintesete-Adro-Tercio, Camiño da Escola-Tercio, Camiño da Augalavada-Tercio, Camiño Núcleo Sas-Estrás, Núcleo Sas-Espiñeiro

Na parroquia de Viñas: Reparación cortes aldea de Insua, Camiño de Porto-Barreiro-Pedreira

Na parroquia de Adragonte: Camiño Os Caseiros-Casal, Camiño Núcleo da Pedreira, Camiño da Igrexa a Loibo, Camiño Pinar e antigo campo da festa, Camiño da Asnería

Na parroquia de Quintas: Camiño Castrolameira, Camiño Tarreo do Rei, Camiño Porto da Tala

Contratación das obras incluídas no POS-2014

O Concello vai a realizar as obras incluídas no Plan de Obras e Servizos 2014 por un importe total de **55.321,10 €** que inclúen a mellora dos seguintes camiños:

Viñas: Núcleo urbano de Porto de Arriba, N-651-Lambre, Núcleo urbano Porto de Arriba II (camiño Fonte)

Velouzás: Moire-Tercio

Souto: Abrodos-Borreiros (Corredoira Vella)

Vilamourel: Núcleo urbano Medín (Sartaña)

Vigo: Monelos-Pena Redonda

Adquisición de colectores

O Concello de Paderne ven de solicitar á Deputación de A Coruña, dentro da convocatoria do programa de subvencións para a realización de investimentos no ámbito do medio ambiente, unha axuda de **26.983 €** para a adquisición de:

- 100 contedores verdes de 800 litros - 100 contedores verdes de 360 litros

Esta axuda permitirá repoñer os colectores danados facilitando así a hixiene e a estética nos distintos núcleos de poboación.

Nova tempada de balneoterapia

Neste mes de setembro da comezo unha nova tempada de balneoterapia coa que as persoas maiores de 65 anos ou pensionistas maiores de 60 empadroados no Concello de Paderne poden recibir, cunha periodicidade mensual, tratamentos termais no balneario de Guitiriz.

As visitas desta nova tempada, ata remates de ano, son as seguintes: - 31 de outubro
- 28 de novembro - 12 de decembro

Os interesados poden anotarse ata o martes anterior a cada visita beneficiándose así do benestar que proporcionan as augas termais.

Servizo de podoloxía

Neste pasado mes de agosto continuouse co servizo gratuíto de podoloxía para tódolos socios do Centro de Maiores de Paderne.

Consentes da axuda que este servizo está a proporcionar, realizouse un importante esforzo para seguir contribuíndo ó benestar dos nosos maiores ampliando o seu horario a fin de que as persoas de tódalas parroquias poidan utilizar o autobús municipal, de xeito tamén gratuíto.

Así, o novo horario pasa a ser o seguinte: LUNS.- de 11:00 a 20:00 h. MARTES.- de 15:30 a 20:30 h. XOVES.- de 15:30 a 20:30 h. VENRES.- de 11:00 a 20:00 h

Para utilizar este servizo o único requisito é ser socio do Centro de Maiores

Curso de aplicador/manipulador de produtos fitosanitarios de nivel básico

O pasado día 9 de setembro o Alcalde presentou o **Curso de aplicador/manipulador de produtos fitosanitarios de nivel básico** que se desenvolveu na Casa do Concello os días 9, 10, 11, 12, 15 e 16 en horario de 17:00 a 20:30 horas.

Impartido por Luís Quinteiro González, enxeñeiro técnico agrícola, este curso estaba organizado pola Oficina Agraria Comarcal de Betanzos, dependente da Consellería do Medio Rural, en representación da cal acudiu Xoana Varela Auber, técnica da Oficina Agraria Comarcal de Betanzos, que acompañou ó Alcalde na presentación do mesmo.

Logo de pasar unha proba que acreditaba o bo aproveitamento do mesmo, cada asistente recibiu un carné de aplicador/manipulador de produtos fitosanitarios.



O Alcalde no momento da presentación do curso